



Nenas dos meus ollos

Exposición colectiva en beneficio da Casa de Acolida de Mulleres Maltratadas de Ferrol

Do 18 de decembro do 98
ao 11 de xaneiro do 99



SARGADELOS

R/. Dolores 55 FERROL

Nos últimos dous anos a violencia familiar pasou a ocupar un lugar destacado nos medios de comunicación. Este feito axudou a que todos os cidadáns vexamos máis próximo o problema. Non é que os malos tratos non existisen antes da súa aparición nos medios de comunicación, pero o certo é que a difusión xeneralizada dos mesmos axudan a tomar consciencia e a poñer os medios para buscar solucións.

Nos últimos anos están poñéndose en marcha distintas medidas para paliar situacións de violencia familiar e discriminación social, como poden ser as propias casas de acollida ou fórmulas de discriminación positiva a favor das mulleres, sobre todo no ámbito laboral. Seguramente estas medidas poden considerarse un parche ao problema real, pero de non existiren a situación empeoraría. Á vez que demandamos este tipo de accións —que non por transitorias son menos importantes— debemos pelexar por unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Neste Nadal do 98, quixemos dedicar o espacio da Galería ás mulleres. Achegámonos a unha realidade da que a nosa cidade non é unha excepción, achegámonos á Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas de Ferrol. Máis de 200 mulleres e de 300 nenos e nenas foron acollidos nesta casa dende a súa apertura no ano 86.

Nunha ocasión preguntaban a Rigoberta Menchú, Premio Nobel da Paz, qué diría ás mulleres afganas que nestes momentos están sufrindo unha brutal discriminación. Ela dicía, que debían ler todo canto tivesen á man. Poñía en clave de formación o futuro destas mulleres, e tamén o futuro de todos os colectivos discriminados. Coa seguridade de que a formación axuda a conseguir a liberdade, decidimos que o diñeiro recadado este ano fose destinado á compra de libros e xoguetes para a Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas de Ferrol.

Pedimos a un grupo de artistas galegos que a través da súa arte conformasen unha exposición colectiva baixo o título de “Muller”. Pedimos tamén ás profesoras María Xosé Agra e María Xosé Queizán senllos textos sobre a situación da muller. Todas estas persoas dedicaron xenerosamente un anaco do seu tempo e do seu traballo a este proxecto.

O noso agradecemento a todas estas persoas, pola súa sensibilidade e implicación.

O noso agradecemento tamén á Fundación Luís Seoane e ao seu director, Alberto González Alegre, quen nos cedeu para esta exposición unha obra deste grande artista galego; e a Maruxa Fernández, viúva de Seoane, quen despois de coñecer esta iniciativa, donounos varios gravados para recadar fondos.

Dende a primeira experiencia xurdida na Inglaterra no ano 1971, as casas de acollida están hoxe estendidas por toda a Europa como unha medida de resposta inmediata ante as situacións límites de malos tratos ás mulleres. A visualización do problema incrementou a sensibilización social e, polo tanto, a demanda ós poderes públicos para a busca de solucións a estas situacións.

Nesta cidade abriuse no ano 1986 a primeira Casa de Acollida para mulleres vítimas de malos tratos cuns obxectivos compartidos coas que xa existían no resto do Estado:

- Conseguir unha repercusión social o máis ampla posible facendo denuncia pública destas agresións domésticas.

- Dar acollida a aquelas mulleres que se atopaban en situacións de indefensión extrema.
- Atender as necesidades individuais das mulleres e dos seus fillos e fillas, promovendo a autonomía persoal e a solidariedade.

Dende a súa apertura foron acollidas 236 mulleres e 321 menores.

A consideración de privacidade, a ocultación da existencia dos malos tratos a mulleres, é un feito que afortunadamente se está a superar recoñecendo a sociedade que a violencia doméstica constitúe unha violación dos dereitos humanos.

Todas e todos sabemos que é porque alguén escoita, que outra ou outro chega a falar. As persoas que traballamos na Casa de Acollida, damos as grazas á Galería Sargadelos, e especialmente a Fina Casal, por nomearnos e escoitarnos.

Ferrol, decembro de 1998
Servicios Sociais do Concello de Ferrol
Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas



SUXESTIÓNS DO MES

DECEMBRO. Este mes (tal vez porque se remata o ano e ante un novo sentímonos máis animados) parece ser un tempo propicio para as celebracións e tamén para as importantes e grandes Declaracións: o 10 de Decembro de 1948 asínase a **DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS**, hai agora 50 anos. Tamén en Decembro, o día 18, a **Asamblea Xeral de Nacións Unidas** aproba a **CONVENCIÓN SOBRE A ELIMINACIÓN DE TODAS AS FORMAS DE DISCRIMINACIÓN CONTRA A MULLER**, esta vez en 1979 (ábrese a asinar o 1 de Setembro de 1980 e entrou en vigor o 3 de Setembro de 1981). Os trinta artigos que promulga esta Convención teñen como fin conseguir e poñer os medios para que as mulleres poidan gozar de dereitos iguais e deixen de sufrir a discriminación polo feito de seren mulleres.

NADAL. A filósofa Hannah Arendt fai nos reflexionar sobre a “natalidade”, cada ser humano que nace é inaugural, é un novo ser, un novo comenzo. A condición da natalidade indica que a historia non é repetición, o nacemento representa a oportunidade da novidade, da liberdade. A condición de natalidade é tamén a da pluralidade e a dun mundo común. Nacer é un acto privado, pero tamén público. Nacer e aparecer por primeira vez para formar parte da colectividade humana. Máis esta pensadora chama asimesmo a atención sobre que o “privado” devén “privación” cando é o único espacio que se lle deixa a un individuo ou grupo (mulleres, probes, inmigrantes, negros...). Para moitas mulleres, ás portas do século XXI, “privado” segue a significar “privación”: de dignidade, de liberdade, de dereitos, de acceso a un mínimo de alimentación, de saúde, de ensino, de capacitación e de oportunidades de emprego, de participación.

FOGAR. A escritora feminista Virginia Woolf reclamaba o dereito a unha “habitación propia” e facíao para reivindicar un espacio para as mulleres, un espacio para escribir, pensar, desenvolverse independentemente..., e isto, a independencia e a autonomía, constitúe unha cuestión moi importante para as mulleres. Agora ben, aínda segue a ser necesario para moitas mulleres “unha habitación propia”, un “fogar” nun sentido máis básico, moitas mulleres e nenos, moitos seres humanos, están sen fogar, sen casa, ben porque teñen que abandoala pola violencia familiar, racial, polas guerras, ben por que carecen de todo, vivindo na marxinación, na exclusión, na pobreza absoluta.

¿BOS DESEXOS?. Quizáis compriría rematar pedindo un feliz aninovo, máis iso soa unha pinga irónico. A xustiza e a igualdade, máis que os bos desexos, é o que se precisa, esixindo o tomar partido, que ningunha persoa, acción ou aspecto da vida dunha persoa se vexa forzada á privacidade e á privación. Ben é certo que un labor importante radica en protexer aos vulnerables pero o que realmente habería que acadar é que deixen de ser vulnerables.

Nadal 1998

María Xosé Agra Romero

Doutora en filosofía pola Universidade de Santiago.

DEREITOS UNIVERSAIS DAS HUMANAS

Celébrase agora o 50 aniversario da Declaración dos Dereitos Humanos que supuxo un avance na consecución da xustiza. Celébrase cando o dereitos humanos atravesan un gran momento pola decisión de xulgar ao xenocida Pinochet, aprobada pola xustiza española e refrendada polo Tribunal Superior británico. Alegrámonos do afortalamento da xustiza e da democracia. Pero, como acostuma a suceder, as mulleres vemos ensombrecida esa alegría porque aínda non son recoñecidos os nosos dereitos e mesmo son violados.

Xa Mary Wolstonecraft, na Inglaterra do S. XVIII, argumentara que os dereitos das mulleres tamén son humanos, ao comprobar como o esquecían os seus amigos ilustrados. Por iso tivo que escribir Vindicación dos dereitos da muller, un dos libros iniciáticos do feminismo. Tamén o fixo en Francia Olympe de Gouges e costoulle a vida baixo a guillotina. Pero, as mulleres non desistiron e a teima continuou.

A 1ª Convención polos Dereitos das mulleres celebrouse nos EEUU no ano 1848, pero a campaña mundial é recente. No ano 1991 recóllese un millón de firmas por mil organizacións en 27 idiomas e 148 países. Este esforzo deu lugar a que a perspectiva de xénero fora por primeira vez incluída no debate internacional dos dereitos humanos. Seguindo traballando e presionando, as mulleres conseguiron que a Conferencia Mundial sobre os Dereitos Humanos, celebrada en Viena no ano 1993, recoñecera a violencia contra as mulleres, tanto na esfera pública como na privada, como violación dos dereitos humanos. Mesmo así, en España, comprobamos como esta violencia non alcanzou relevancia e non se lle concedeu importancia na prensa e na TV, ata o ano pasado. Só entón pasa a ser un asunto de xusticia e de interés público.

En Viena, no ano 93, sae a Declaración para a Eliminación da Violencia contra a Muller. Isto sentará as bases para a IV Conferencia Mundial da ONU sobre as Mulleres de Pekín, no ano 1995, á que asistiron máis de 40.000 mulleres de 189 países. Alí elaborouse un documento sobre a violación dos dereitos que padecen as mulleres no mundo. A lista é enorme. Citemos brevemente: os asasinatos (na civilizada España, que “va bien”, unha muller morre cada semán a mans do marido ou compañeiro), golpes, malos tratos, a mutilación xenital (no mundo 135 millóns de mulleres foron torturadas así e cada día 6.000 nenas corren o perigo de sufrila), o tráfico de mulleres para a explotación sexual, un dos grandes negocios da actualidade a costa das inmigrantes pobres e as nenas do Terceiro Mundo, e un longo etc. Porque a isto temos que engadir os malos tratos psíquicos e a discriminación social das mulleres.

Todavía os dereitos das humanas non son unha realidade, pero cada vez son máis as mulleres no mundo as empeñadas en conseguir unha democracia paritaria.

Nadal do 98

María Xosé Queizán

(Escritora. Profesora de lingua e literatura galega)

Exposición colectiva en beneficio da
Casa de Acollida de
Mulleres Maltratadas de Ferrol

Do 18 de decembro do 98
ao 11 de xaneiro do 99



ALMUDENA FDEZ. FARINÁ
BERTA CACCAMO
CARMEN CHACÓN
CARMEN MARTÍN
CRISTÓBAL NOVOA
GONZÁLEZ COLLADO
JAVIER MELÉNDEZ
JORGE LLORCA
JOSEFINA PENA
JUANA LUNA
LOLA SOLLA
LUÍS SEOANE
MANUEL PATINHA
MARÍA MANUELA
MARÍA XOSÉ DÍAZ
NATALIA DÍAZ MELLA
OVIDIO
PALOMA JAEN
ROSA VELOSO
SIRO
XAQUÍN MARÍN
YOLANDA FERRER